



# A FOLLA DA CGT

Núm. 95 - 8 marzo 2022

## 10 de Marzo

Se algo ficou claro no acto do pasado venres é que o 10 de Marzo de 1972 o protagonizaron os **traballador@s**. Foi unha loita de todos e todas, de todo o cadro

de persoal, como tantas outras que houbo aquí. Por exemplo, a loita contra o IV Convenio.

Por iso, a conmemoración do 50º aniversario tamén a deberíamos protagonizar os mesmos: os traballador@s dos estaleiros de Ferrol. As persoas somos distintas, onte a empresa chamábase Bazán e hoxe chámase Navantia, pero o colectivo é o mesmo: a clase traballadora do sector naval ferrolán.

## Prazas de ingreso: psicólogo

A empresa xa opinou sobre o falso psicólogo.

- "Argumento" nº 1: Que eles seguen a norma ISO 10.667, de selección de persoal, e que todo está ben. Pedíuselle esa norma e a resposta foi que non había problema en enviarnos "algúns extractos". Por que non enteira? Pero en calquera caso: unha norma ISO é unha guía, e aquí do que se trata é da LEI.
- "Argumento" nº 2: Que do psicólogo se fala nas bases aprobadas en xuño de 2021, pero que nas anteriores (as dos procesos de 2019) só falan dun experto e, que por tanto, todo está ben. Pero resulta que a persoa que interveu como experto nas prazas de operarios júnior 2019 (coas bases antigas) é a mesma que interveu como psicólogo nas prazas de bombeiros (coas bases novas). ¿Con que nos vai saír agora a empresa? ¿Con que na convocatoria de bombeiros interveu como psicólogo e na de bombeiros como experto?

Os argumentos da empresa soan igual que os que se dan sobre os turbios negocios do rei emérito ou do irmán de Isabel Díaz Ayuso.

Está por ver que din CCOO e MAS, que aínda non se pronunciaron. Admítense apostas.

## Contratos dos novos ingresos

A finais deste mes fará un ano da entrada na empresa dos **operarios júnior 2019**. Os **universitarios júnior** desa mesma convocatoria xa van camiño dos dous anos.

Por outra banda, o contrato de **obra ou servizo** (o que Navantia lles viña facendo ós novos ingresos) desaparece o día 31 deste mes.

O comité intercentros debe poñerse as pilas e abordar unha solución inmediata a esta situación anómala.

E os interesados/as tamén farían ben en moverse. Se estiveron no acto sobre o 10 de Marzo do venres pasado, xa puideron escoitar como se conquistan os dereitos. E tamén o di o refraneiro popular: o que non chora non mama.

A **CGT** fixo unha proposta no comité no senso de que os traballador@s de Navantia convocásemos unha manifestación o día 10 e invitásemos a todo o mundo a sumarse, pero infelizmente CCOO e CIG preferiron antepoñer os seus respectivos intereses como aparatos sindicais para celebrar cadansúa manifestación, que terán o mesmo percorrido e sairán do mesmo sitio con só media hora de diferenza. Non actuaron como representantes dos traballador@s de Navantia, senón como peóns das súas federacións. Unha mágoa.



## MANIFESTACIÓN FERROLTERRA

📍 Saída da Praza de España



Martes 8 Marzo  
ás 20:00h

## Prazas de ingreso: inglés

As prazas universitarias esixen inglés. Se non tes un certificado, tes que pasar unhas probas. A pesar de reiteradas peticións, a empresa segue sen proporcionarlle ó comité os detalles das mesmas.

Nas prazas universitarias júnior 2020-21 hai bastantes queixas. Moita xente considera que ficou excluída inxustamente. A **CGT** esixiulle á empresa que as persoas interesadas poidan revisar o seu exame. Resposta: isto é como o exame do carné de conducir, non caben reclamacións.

Os exames de operarios poden revisarse e a xente pode reclamar. Por que o exame de inglés vai ser diferente? Que teñen que **agachar**?

## Récord histórico

Noticia de antonte en *El País*: "E en medio da treboada... récord de beneficios empresariais en España!". O seu primeiro parágrafo di así: "Nunca na historia as compañías cotizadas na Bolsa española gañaran tantos cartos coma o ano pasado: 64.021 millóns de euros".

Forráronse á nosa conta coa excusa da pandemia e xa se preparan para gañar aínda máis coa excusa da guerra na Ucraína. Polo de pronto, o megavatio/hora, que onte estivo a 442 €, está hoxe a 545. Un incremento do 23% nun só día, non está mal. Como dixo Lenin denunciando a hipocrisía ante as guerras: "A guerra é terrible, si, terriblemente **rentable**".



## Guerra na Ucraína: nin Putin nin OTAN

A invasión rusa da Ucraína é **inaceptable**. A **CGT** esixe a **retirada inmediata** das tropas de ocupación. Pero EEUU e a OTAN, responsables de numerosas accións similares, non están en condicións de dar leccións a ninguén.

Esta guerra é unha pugna entre dous bandidos capitalistas polo reparto da riqueza. É unha guerra **reaccionaria** por **ambas** partes.

Os perdedores seremos os traballador@s todos, comezando polos da Ucraína, seguindo polos de Rusia e rematando polos do resto do mundo. O "gobierno máis progresista da historia" xa comezou co discurso da necesidade de facer "sacrificios". Xa sabemos o que significará isto. ¡Botaranlle a culpa a Putin ata do abusivo sistema de tarificación da luz que rexe na Unión Europea!

Non aceptemos ningún sacrificio! Non nos deixemos enganar nin polos capitalistas rusos nin polos capitalistas españois e europeos! Son todos iguais: só lles preocupan os seus beneficios!

Os traballador@s de tódolos países temos que unirnos para loitar de forma independente contra todos eles e a favor dun mundo en paz e con xustiza social.

**Nin guerra entre os pobos nin paz entre as clases!**

## Horas sindicais de febreiro

Publicamos o cadro dos pases e horas sindicais dos delegad@s da **CGT**.

Delegado	Horas	Pases	Horas	TOTAL
Vicente	4,90	Día 23. Concentración Xeal Santiago (9:45-13:39)	14,50	<b>19,40</b>
Xaquín	7,75	Día 4. Actividade sindical (9:30-13:30)	79,25	<b>87,00</b>
		Día 14. Actividade sindical (12:30-13:45)		
		Día 16. Actividade sindical (10:00-11:30)		
		Día 21. Actividade sindical (12:30-13:30)		
Arturo				
Javi				<b>35,00</b>
Benito	6,15	Día 14. Actividade sindical (12:30-13:45)	34,25	<b>40,40</b>
		Día 23. Concentración Xeal Santiago (9:30-14:24)		
Carmen	4,50	Día 23. Concentración Xeal Santiago (9:30-14:00)	9,50	<b>14,00</b>
<b>TOTAL</b>	<b>23,30</b>		<b>172,50</b>	<b>195,80</b>



**Contacta connosco:**

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13  
Telf. Móbil: 623 044 900

[cgt.fe@navantia.es](mailto:cgt.fe@navantia.es)

Séguenos e comparte info nas RRSS:

